



Repensar a predicación nos espazos litúrxicos

Carme Soto Varela¹

Cando falamos da predicación na liturxia, de seguido pensamos na homilía que, especialmente os domingos, se pronuncia na celebración da Eucaristía. Se ben a homilía é un momento privilexiado para a predicación, non é o único posíbel, existen outros espazos nos que as comunidades cristiás expresan e celebran a súa fe e que podemos considerar litúrxicos nun senso amplo da palabra² (momentos que podemos atopar na relixiosidade popular, en celebracións comunitarias da vida, en momentos nos que un grupo ora e tece simbolicamente e de forma creativa a experiencia de fe compartida, na liturxia das horas...). Estes espazos, sen formaren parte da liturxia oficial da igrexa, poden ofrecer tamén un marco axeitado para o anuncio e o afondamento da fe e da esperanza cristiá, é dicir, para a predicación.

Situándonos neste concepto amplo de liturxia, tentaremos reflexionar nalgunhas claves que poidan ser de axuda para repensar os modos e os contidos da predicación, de xeito que colaboren na tarefa sempre pendente de actualizar a nosa fe acorde cos tempos presentes. Desde esta perspectiva buscaremos afondar nalgúns enfoques teolóxicos e hermenéuticos que poidan ser axeitados para que a predicación que se leva a cabo dentro dos espazos litúrxicos, sen deixar de ser fiel ás Escrituras sexa tamén relevante para os tempos actuais.

1 Doutora en Teoloxía, relixiosa das Servas de San Xosé.

2 Para unha reflexión sobre a liturxia máis aló dos sacramentos cfr. Salvatore Marsili, «Liturxia» en *Nuevo diccionario de liturgia*, DOMENICO SARTORE, ARCHILE TRIACCA e JUAN CANALS Eds, 1144-1163, 1987. Madrid: Paulinas.